

ACTA DO TRIBUNAL CALIFICADOR DAS PROBAS PARA A SELECCIÓN DE CATRO SOCORRISTAS (SERVIZO DE VIXILANCIA DE PRAIAS)

Proceso selectivo: Contratación de CATRO SOCORRISTAS mediante a modalidade de contrato laboral temporal a xornada completa durante un período dun máximo de dúas mensualidades.

Nas dependencias da Casa de Cultura “Cuartel Vello” do Concello de Rianxo, sendo as dez trinta horas, do día 01 de xullo de 2016, reúnese o Tribunal Cualificador que avaliará as probas selectivas para prover catro prazas de SOCORRISTAS, para a realización do SERVIZO DE VIXILANCIA DE PRAIAS segundo subvención concedida pola Consellería de Economía, Emprego e Industria ao abeiro da orde do 29 de decembro de 2015 pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego e mellora da empregabilidade no ámbito de colaboración coas entidades locais e se procede á súa convocatoria para o exercicio do ano 2016 e segundo as bases e tribunal aprobados pola Resolución da Alcaldía núm. 287/2016 do 29 de xuño de 2016, coa seguinte composición:

Presidente: Enrique Manuel López González, técnico medio de actividades (II)

Vocal: Uxía Cespón Ordóñez, animadora cultural municipal (II)

Asesora Probas Físicas: Martina Ríos Bello, secretaria de Federación de Salvamento e Socorrismo de Galicia (FESSGA)

Secretaria: Mauricia Ces Quintáns, auxiliar administrativa municipal (C2)

Pola Presidencia declarase constituído o Tribunal e dáse conta dos antecedentes do proceso:

Primeiro: o día 29 de xuño de 2015 preséntase oferta pública de contratación de persoal, na Oficina de Emprego de Boiro, e convócanse para o día 01 de xullo ás 10:30 horas, nas dependencias da Casa de Cultura “Cuartel Vello” do Concello de Rianxo, a aquelas persoas que reúnan os requisitos da convocatoria.

Segundo: que a antedita Oficina de Emprego remitiu un listado de 30 persoas candidatas para participar no proceso de selección.

Preséntase á 11:25 horas un único aspirante que presenta certificado de que asistiu no día de hoxe a unha proba de aptitude.

Ás once trinta horas realízase a proba de RCP á única persoa aspirante presentada e obtén o resultado de APTO.

Tamén se lle recolle neses momento a documentación xustificativa dos méritos alegados e de coñecemento de galego, polo que queda exento de realización da dita proba.

Neste momento o tribunal, para unha mellor organización do proceso, inverte a orde establecida para a realización das probas e determina deixar a proba de natación para o final.

Ás 11:40 horas iníciase a proba teórica de coñecementos para o que se establece un tempo de 20 minutos e que remata ás 11:53. O tribunal corrixe o exame segundo o establecido nas bases e o aspirante obtén unha puntuación de 3,90 puntos.

O tribunal realiza despois a valoración dos méritos alegados polo aspirante e na que obtén unha puntuación de 2,50 puntos. Non acredita documentalmente a experiencia polo que non se lle puntúa.

Ás 11:58 horas iníciase a entrevista segundo o establecido nas bases de selección na que se lle outorgan 2 puntos.

Despois disto trasládanse os membros do tribunal e a persoa aspirante á Piscina Municipal para realizar a proba de natación a cal supera nun tempo de 57'46", obtendo a puntuación máxima por non haber mais aspirantes.

Rematadas todas as probas e valoracións, a persoa aspirante obtén a seguinte puntuación final:

Apelidos e nome	Req. Mín.	Oposición			Concurso	Entrevista	TOTAL
		R.C.P.	Natación	Proba Escrita			
Blanco Silvariño Basilio	Si	Apto	10,00	3,90	2,50	2,00	18,40

De acordo coas bases que rexen a convocatoria o Tribunal propón á única persoa aspirante para cubrir, temporalmente, unha das prazas de SOCORRISTA do Concello de Rianxo.

Non habendo máis asuntos que tratar, sendo as doce trinta horas, a Presidencia remata a sesión, da que se estende a presente acta, que será subscribida polos membros do Tribunal.

A presente acta será exposta no Taboleiro de anuncios do Concello.